

Nº	Apelidos	Nome	DNI	1º exer.	2º exer.	3º exer.	Total	Discap.
22	López del Castillo	Laura	09411391-K	14,72	12,80	Exenta	27,52	N
23	Fernández Nieto	Pilar	34985910-N	15,83	11,58	Exenta	27,41	N
24	Bello Miras	Gloria	53303522-X	16,38	11,01	Exenta	27,39	N
25	Vázquez Gil	Cristina Estrella	34981054-D	13,61	13,70	Exenta	27,31	N
26	Núñez Queiruga	Gonzalo Manuel	52936304-X	12,77	10,67	Exento	23,44	S

Resolución do 21 de xuño de 2010, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 236, do 4 de decembro), pola que se dá publicidade a determinados acordos do tribunal.

En sesión que tivo lugar o día 21 de xuño de 2010, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 236, do 4 de decembro), adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Declarar a todos/as os/as aspirantes exentos da realización do terceiro exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.3 da convocatoria.

Segundo.-Facer pública, de acordo coa base IV.2, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións obtidas e con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo coa dita base, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentar a documentación prevista nas letras a), b), c) e d).

Terceiro.-Elevar a devandita relación á titular da Dirección Xeral de Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento como funcionarios de carreira dos aspirantes que figuren nela.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2010.

Antón Baeza Barrantes
Presidente do tribunal

ANEXO

Relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo

Sistema de promoción interna:

Nº	NIF	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	Puntuación final
1	36085574-T	Blanco Insua, Ignacio María	13,88	10,16	24,04

Sistema de acceso libre:

Nº	NIF	Apelidos e nome	Quenda	1º exercicio	2º exercicio	Puntuación final
1	47360436-D	Bregua Cousillas, Alejandro		18,26	12,53	30,79
2	44085952-N	López Brites, Patricia		17,82	12,51	30,33
3	X04447515M	Huides, Elena Liliana		16,52	13,62	30,14
4	44830169-H	Rodríguez Varela, María Monserrat		15,94	10,76	26,7
5	32677195-Z	Barron Ferro, Alma Beatriz	Discap.	14,05	11	25,05

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 22 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

A base novena da Orde do 11 de marzo de 2010 (DOG do 25 de marzo), pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Realizada esta baremación nalgunha especialidade, procede publicar a puntuación provisional da fase de concurso.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es> o día 29 de xuño de 2010 as puntuacións provisionais do baremo establecido na

Orde do 11 de marzo de 2010 das seguintes especialidades:

- Idioma estranxeiro: inglés.
- Educación física.
- Música.
- Pedagogía terapéutica.
- Audición e linguaxe.
- Educación primaria.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderase presentar reclamacións no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación, dirixidas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Terceiro.-As reclamacións presentaranse a través do correo electrónico no enderezo da internet <http://www.persoal.primaria@edu.xunta.es>, ou ao fax 881 99 92 41, empregando o modelo que aparece no portal educativo.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN TERCEIRA)

Cédula de emprazamento (7820/2008).

De conformidade co acordado por este tribunal no recurso contencioso-administrativo que logo se dirá, por medio desta cédula emprázase a Viveiro e Observatorio de Galescolas para que, no prazo improrrogable de nove días, compareza no expresado procedemento mediante procurador e avogado, se o considera conveniente para os seus intereses, para que poida formular cantas alegacións xulgue oportunas, co apercibimento de que, en caso de non o verificar, recaerá sobre ela o prexuízo que proceder en dereito e continuará a tramitación do recurso sen volvela citar nin oír.

Recurso número: procedemento ordinario 7820/2008.

Recorrente: Xunta de Galicia.

Acto impugnado: acordo do 18-12-2007 desestimatorio do recurso de alzada interposto contra a concesión da marca nacional Galescola nº 2.712.795, dfixito 8, clase 41. Referencia 00166/0700166/2007.

A Coruña, 19 de maio de 2010.

Enriqueta Roel Penas
Secretaria xudicial

Cédula de emprazamento (9913/2008).

De conformidade co acordado por este tribunal no recurso contencioso-administrativo que logo se dirá, por medio desta cédula e ao ter renunciado a súa representación o procurador e avogado que ata a data o viña representando e dirixindo, emprázase a Antonio Varela Vázquez para que, no prazo improrrogable de nove días hábiles, compareza no expresado procedemento mediante procurador e avogado, se o considera conveniente para os seus intereses, para que poida formular cantas alegacións xulgue oportunas, co apercibimento de que, en caso de non o verificar, recaerá sobre el o prexuízo que proceder en dereito e procederase ao arquivo do procedemento.

Recurso número: procedemento ordinario 9913/2008.

Recorrente: Antonio Varela Vázquez.

Acto impugnado: Resolución do 7 de febreiro de 2008 sobre reversión de terreos sobrantes do predio número 5, expropiado para as obras da nova estrada de acceso norte ao porto de Ferrol O Sino-San Xoán. TR Ferrol. Clave 41-LC-2690. TM Ferrol. Expediente 927 MR/2007.

A Coruña, 19 de maio de 2010.

Enriqueta Roel Penas
Secretaria xudicial

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DOCE DA CORUÑA

Edicto (1840/2009).

Eu, Lourdes Villegas Castrillo, secretaria xudicial do Xulgado de Primeira Instancia número 12 dos da Coruña, dou fe e certifico que no xuízo verbal nº 100/2009-A se ditou sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva din:

«Sentenza

A Coruña, o dezaioito de marzo de dous mil dez.

Vistos por Eduardo Fernández-Cid Tremoya, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número 12 da Coruña, estes autos de xuízo verbal por determinación legal de filiación, seguidos neste xulgado co número 100/2009-A por instancia de Joaquín Plou Galindo, representado pola procuradora María del Mar Uriarte González-Camino e asistido da letrada María Belén Rodríguez Palleiro, contra María Isabel Pereira Espasandín, Leopoldo Fernández Martínez, declarados en situación procesual de rebeldía, e contra a menor Y.A.F.P. na persoa do seu legal representante Xunta de Galicia-Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar, asistida da letrada